

Pablo Villamar lerá esta tarde o pregón inicial das festas de verán de Covas

REDACCIÓN > FERROL

O verán preséntase repleto de festas e actividades culturais e lúdicas en Covas, a onde hoxe, ás sete da tarde, acude o vicepresidente da Deputación da Coruña, Pablo Villamar, para ler o pregón que sinala o comezo oficial das festas desta parroquia.

Música, gastronomía, exposicións, fotografía, charlas, festas, deportes, concursos equinos, feira medieval ou desfiles son algunhas das actividades programadas pola AVV Santa Comba de Covas de cara a este verán. Unha ampla programación deseñada, segundo explica o seu presidente, José Manuel Cereijo López, pensando no entretemento e diversión de todos os veciños da zona e máis dos miles de turistas que durante os meses estivais achéganse ata Covas.



Imaxe de arquivo da feira medieval celebrada o pasado ano
CARBALLEIRA

A inauguración das festas será esta mesma tarde, ás sete, coa lectura do pregón a cargo de Pablo Villamar. Tamén hoxe darase a coñecer o nome da persoa ou institución galardoada co premio “Veciño de Honra”, unha distinción que anualmente otorga a entidade veciñal. Yolanda Díaz, ex concelleira de Cultura, e galardoada o pasado ano é a encargada de facer entrega da insignia.

Ademais, ó longo da xornada inaugurarase unha exposición de pinturas da artista Laura Lago e unha mostra cos traballos realizados polos alumnos dos diferentes talleres e obradoiros de manualidades e artesanía que se desenvolven na asociación ó longo do ano. As dúas mostras permanecerán abertas ó público durante todo o mes de xullo.

Incluído no programa previsto para hoxe atópase tamén unha charla-conferencia sobre o cancro impartida por unha psicóloga. Por último, e para pechar con bo sabor de boca esta primeira xornada festiva, celebrarase a II edición do concurso de sobremesas de Covas. Os tres mellores pratos recibirán un agasallo artesán por parte da organización. Unha vez o xurado faga público o seu fallo haberá unha degustación popular de todas as tartas e doces presentados a concurso.

As festas de verán de Covas continuarán mañá cunha mexillonada popular en Marmadeiro. Será a partir das oito do serán e estará amenizada pola dúo musical Suso Villa e Bea.

Pratos Fortes> A Feira Medieval e o Concurso Hípico Galeoch son xunto coas festas de finais de agosto e o desfile de carrozas as principais atraccións do programa festivo. Haberá que esperar ata o derradeiro fin de semana de xullo para ver a II Feira Medieval que este ano trasladarase ó atrio da igrexa. Ademais por primeira vez o programa incluírá diferentes actuacións musicais en vivo.

O 30 de agosto, e para despedir o verán, terá lugar o xa tradicional desfile de carrozas polas estradas de Covas. Coma sempre entregaranse agasallos e trofeos ós deseños máis orixinais.

Ademais, o longo de todo o verán haberá diferentes actividades. Así, o fin de semana do 31 de xullo e 1 de agosto celebrarase un torneo de fútbol sala. O 2 de agosto terá lugar a festa do neno con actividades pensadas para eles. Ademais, os días 8, 14 e 22 de agosto estarán adicados á recuperación da tradición agrícola. Primeiro segarase o trigo e unha semana máis tarde trasladarase, para o día 22 celebrar a malla e unha festa popular.